

CLAVES PARA UNHA PROGRAMACIÓN POR COMPETENCIAS

Este documento pretende ofrecer un modelo que poden guiar a elaboración da programación de centro e de aula por Unidades Didácticas Integradas, así como unha explicación dos pasos a seguir para cubrilas. Este documento complétase cun exemplo de programación e un exemplo de UDI tamén publicada.

PROGRAMACIÓN DE CENTRO

O currículo da LOMCE, a diferenza do anterior, presenta todos os elementos integrados, é dicir, relacionados entre si. Os centros deben, agora, temporalizalos e contextualizalos de forma consensuada para que cada mestre poida facer a súa programación didáctica e ésta teña unha coherencia vertical entre todos os niveis e unha coherencia horizontal entre todas as áreas. Ademais, debe haber una distribución equilibrada das competencias en ámbolos dous sentidos e una ponderación dos estándares que obxectibe a avaliación entre profesores dun mesmo nivel ou interniveis. Finalmente, debe ofrecer un formato que facilite o deseño de escenarios de aprendizaxe que permitan unha aprendizaxe situada.

Os alumnos terán a competencia correspondente cando superen as probas que miden desempeños, amosando saber facer en situación reais ou simuladas ou saber ser e comportarse nas mesmas. Para ensinar as competencias que serán avaliadas os docentes deberán deseñar os escenarios reais ou simulados onde desenvolver as actividades ou exercicios pois é a aprendizaxe situada e contextualizada a que da lugar á competencia mentres que a aprendizaxe teórica só da lugar á adquisición de contidos.

Os centros, entón, terán que adaptar os currículos organizándoos e temporalizándoos de xeito que permitan e faciliten aos mestres o deseño deses escenarios e concreten a maneira de traballar cos alumnos, o que lle chamaremos Unidades Didácticas Integradas (UDIs).

O centro terá que abordar dous aspectos á hora de adecuar a programación, por una parte acordar os elementos descritivos relativos a decisións xa tomadas tales coma estudo do contexto, plan xeral de atención á diversidade e outros plans, valores ou metas do proxecto educativo, etc. E por outra parte as decisións sobre os elementos prescriptivos e os procedementos de avaliación.

Os modelos que ofrecemos refírense a este segundo tipo de decisións que secuenciamos en tres pasos: Temporalización e contextualización de todos os elementos, agrupación dos estándares e ponderación para a avaliación por trimestres, agrupación dos estándares para a avaliación de cada competencia e determinación dos niveis de logro e os mínimos esixibles así coma os instrumentos de avaliación.

1. TEMPORALIZACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Área:				Curso:	
Criterios Avaliación	CCBB	Obx	Contidos	UDIs	Tempo

PASOS A SEGUIR :

O elemento central da programación son os criterios de avaliación xa que son explicativos e indican, dalgún xeito, tanto os contextos coma os procesos e os contidos que os alumnos deberán desenvolver de forma prescritiva, non estando suxeitos a modificación de ningún tipo agás no caso dunha adaptación curricular. Ademais están concretados e desenvolto en estándares que se converten en obxectivos didácticos. Os contidos teñen un papel secundario xa que só teñen a función de servir de soporte e non se corresponden, necesariamente, cos obxectivos didácticos, de xeito que non é prescritivo que o alumno aprenda todos os contidos senón que os manexe para conquistar o estándar correspondente. Pero, por encima de todo, a nosa misión é conquistar desempeños, ou sexa competencias que están ligadas aos estándares que se interrelacionan en todas as áreas.

Se queremos deseñar contextos para todo un curso que incorporen todos os criterios e estándares, a mellor maneira é por Unidades Didácticas, que lles imos chamar Integradas porque incorporan as tarefas integradas (cada Unidade pode ter unha ou varias tarefas). Se temos as Unidades Didácticas Integradas (UDIs) de cada área, con todos os elementos, ubicados nun espazo de tempo determinado, facilitamos enormemente o labor ao profesor de área para deseñar a secuencia de tarefa, actividades e exercicios.

Para completar este primeiro modelo seguimos os pasos descritos a continuación:

- 1º paso.- Rodeamos os criterios/estándares que queremos traballar no 1º trimestre. Analizado o currículo e os materiais de que dispoño, o tipo de alumnos coas características particulares e basándome na experiencia, acórdase que criterios e estándares seleccionar en primeiro lugar.
- 2º paso.- Repartimos en quincenas/ meses, etc. Tendo en conta o nº de sesións semanais de cada área, o ritmo de traballo dos alumnos e a dificultade, xeralidade ou concreción dos criterios (ter en conta que hai criterios moi xerais que hai que traballar repetidamente e outros que son puntuais) acórdanse as sesións necesarias e o nº de veces que se debe repetir un criterio.
- 4º paso.- Copiamos e pegamos o criterio e todos os elementos que van con él. Para aqueles criterios ou estándares que os programamos de forma repetida ao longo do curso, podemos parcelar os contidos correspondentes de forma que queden secuenciados por orde. Se o criterio pide elaborar textos de todo tipo podemos facer corresponder os textos narrativos nun trimestre e os expositivos noutro, por exemplo.
- 5º paso.- Identificamos a Unidade (UDI) cun nº e cun título para despois poder convertelo nunha tarefa. Unha programación elaborada deste xeito permite ao mestre dominar o currículo e ter un control do proceso facendo fincapé naqueles estándares que lle parecen mais necesarios para os seus alumnos e deixando de lado outros nos que xa son máis competentes.

2. ESTÁNDARES E PONDERACIÓN TRIMESTRAL

... TRIMESTRE			
Área:		Curso:	
Criterio	Estándares	Competencias	% (peso cualificación)

O centro ten que establecer un procedemento de avaliación no que se concreten os pasos a seguir dende a avaliación inicial ata a avaliación final. Enumerar os criterios e estándares a valorar en cada convocatoria, así como os criterios de cualificación a empregar para calcular a nota de cada avaliación; os instrumentos de avaliación dos que imos servirmos para recoller a información e os criterios de corrección a empregar neses instrumentos de avaliación.

O primeiro será, polo tanto, recoller aqueles estándares que foron seleccionados para as unidades didácticas de cada trimestre. Unha vez enumerados precisamos saber a importancia de cada un e establecer o peso que vai ter na cualificación da área. O modelo anterior permítenos facelo con comodidade:

- 1º paso.- Copiamos os criterios e estándares que acordamos traballar no trimestre, xunto coas Competencias correspondentes.
- 2º paso.- Repartimos o total do peso (100%) nos bloques que temos elixidos. Tendo en conta a importancia que ten, neste nivel e nesta avaliación, para a adquisición das competencias asignámoslle un peso ponderado a cada bloque e dentro deste repartimos a puntuación nos estándares. Temos especialmente en conta o grao de complexidade e desempeño que implica cada estándar. Así reflexionar sobre o procedemento para resolver problemas leva mais porcentaxe porque implica mais procesos, mentres que ler e escribir números leva menos.

Estándares	Instrumentos					Niveis de desempeño e mínimos esixibles (Cada nivel incorpora os indicadores do anterior)			
	Proba Oral	Proba escrita	Caderno	Portafolio	Registro Observación	Nivel 1 Mínimos (SUF)	Nivel 2 (Ben)	Nivel 3 (NOT)	Nivel 4 (SOB)

4. AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)		Curso
ÁREAS	Estándares	%

Para rematar co procedemento de avaliación réstanos un último paso: abordar a avaliación das competencias, preceptiva tanto na avaliación inicial coma na avaliación final.

Para iso é preciso ter elaborado un perfil de competencia que consiste en agrupar os estándares de cada área que contribúen á adquisición dunha determinada competencia. Así, a Competencia en Comunicación Lingüística agrupa estándares de todas as áreas de Linguas (galego, castelán e inglés) pero tamén da área de Matemáticas, C.Sociais, Naturais etc. O modelo anterior recolle o perfil de competencia:

PROGRAMACIÓN DE AULA: UNIDADES DIDÁCTICAS INTEGRADAS (UDIs)

1. IDENTIFICACIÓN DA UDI

UDI nº.	TÍTULO:		Trimestre
Área:		Nivel:	Sesións :
Produto social (tarefa):			

Unha UDI consta de dúas partes: a concreción curricular e a transposición curricular. A concreción curricular é a programación da UDI onde se relacionan todos os elementos prescritivos (criterios, contidos, competencias, obxectivos, estándares) e se establece o perfil cos estándares a traballar (que se consideran obxectivos didácticos).

A transposición curricular é a planificación onde se explica a tarefa, se concretan as actividades e exercicios a realizar cos alumnos, os escenarios nos que terá lugar, os materiais a utilizar o tempo necesario, a metodoloxía e a avaliación.

Se acudimos á programación de centro, a primeira parte, de concreción curricular, está realizada, xa que na plantilla 1, seleccionamos e temporalizamos para cada UDI os criterios con todos os demais elementos.

- O primeiro paso é identificala e decidir cantas tarefas imos programar, anotar os criterios e elaborar o perfil cos estándares que se corresponden.
- O segundo paso será imaxinar unha tarefa que nos permita traballar todos estes estándares. Trátase de pensar nun produto a elaborar que sexa relevante e significativo para os alumnos: planificar unha viaxe, unha actuación, unha celebración de aniversarios , construír un instrumento, elaborar un mural, editar un folleto, etc.

2. PERFIL DA UDI

Concreción curricular (PERFIL COMPETENCIAL DA UDI)	
Estándares/ Obxectivos didácticos	Competencias

- O terceiro paso consiste en deseñar e seleccionar as actividades e exercicios a través dos cales pensamos conquistar os obxectivos didácticos ou estándares e explicar as decisións metodolóxicas (escenario, sesións, agrupamento, material). O seguinte modelo axúdanos a organizalo:

3. TRANSPOSICIÓN CURRICULAR

Estándares	Actividades	Exercicios	Escenario (sesións, agrupamento, material)	Metodoloxía
	A.1.	E.1.1		
		E.1.2		
		E.1.3		
	A.2.	E.2.1		
		E.2.2		
		E.2.3		

Con respecto á columna da dereita é necesaria unha aclaración dos termos que manexamos. Falamos de modelos educativos e procesos cognitivos.

Os modelos educativos son os que orientan como ensinamos e cada un deles ten validez en según que contextos polo que debemos contemplalos todos de forma equilibrada: instrutivos , constructivistas, sociais - cooperativos e persoais.

Os procesos cognitivos son modelos de pensamento que se poñen en funcionamento no alumno coa realización das actividades. Na planificación didáctica debemos coidar de plantexar actividades variadas de xeito que impliquen o maior número posible de procesos que son os que van a permitir acadar as competencias clave.

4. AVALIACIÓN E RÚBRICA

Estándar	Indicador es de desempeño				Instrumentos
	INSU	SU	BEN/NOT	SOB	

O cuarto paso é a avaliación da Unidade. A avaliación consiste en valorar os niveis de logro dos alumnos sobre o proceso e o produto realizado para cada un dos estándares.

- Comenzamos por copiar os estándares no modelo-matríz á que denominamos rúbrica.
- A continuación establécense os rangos (1 INSU, 2 SUF, 3 B-NOT, 4 NOT-SOB). Tamén se podería engadir un -1 (posibles adaptacións curriculares) e un + 4 (nivel de excelencia).
- Logo descríbese o que se espera dos alumnos en cada un dos niveis expresando de xeito progresivo o proceso cognitivo desenvolvido e o produto realizado.
- Finalmente decídense os instrumentos de recollida de información.

Cada un destes niveis de logro debe ser coñecido, con anterioridade á realización da actividade, polos alumnos (e polas familias). Isto clarifica o desempeño que se esixe e permite ao alumno saber como pode subir de nivel. É o criterio de transparencia que debe cumprir a UDI.

OUTRAS PLANTILLAS:

1. FOLLA DE REXISTRO DE AVALIACIÓN TRIMESTRAL DO GRUPO DE ALUMNOS EN CADA ÁREA.

[illegible]

Nunha sesión de avaliación trimestral, o mestre podería utilizar un cadro de dobre entrada coma o anterior. Na parte superior aparecerían as iniciais dos alumnos e en cada columna o peso asignado a cada estándar. O profesor, oído o equipo de Mestres e consultados os datos recollidos, asignaría a puntuación obtida polo alumno en cada estándar e sumados todos obtería a nota numérica.

2. CADRO DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Instrumento	Valoración	Criterios de corrección
Exposición oral	coherencia	(A exposición é comprensible polo interlocutor)
	conceptos	(Expón os conceptos mínimos)
	relación	(Ademais de enumerar explica: por que)
Portafolio	Materiais	(Ten todas as follas)
	Presentación	(Pasados a limpo)
	Contido	(Os contidos están corrixidos e son correctos)
Caderno	Cantidade	Están todos os exercicios)
	Corrección	(Corrixidos)
	Presentación	ben presentados)
Registro de observación	Respeto	(Cumpre as normas das interaccións: turno, escoita)
	Colaboración	(Fai aportacións ao grupo, actitude de axuda)
	Responsabilidade	(Cumpre coa parte que lle corresponde)

Para valorar axeitadamente a información recollida debemos poñer de manifesto o que nos vai aportar cada instrumento e, posteriormente, establecer uns criterios de corrección asignándolle a puntuación correspondente. O cadro anterior pretende servir de axuda para concretar estes criterios.